

Desaparición da Biblia Kennicott

Resolve os retos da raposa

Redella



Amigas e amigos precisamos a vosa axuda. Recibimos unha chamada polo medio da noite: **a Biblia Kennicott desapareceu!** Trátase dunha das obras mais importantes da exposición do Museo Gaiás cun valor incalculable. Na vitrina onde se atopaba exposta a Biblia, apareceron unha serie de enigmas que debemos resolver para dar co seu paradeiro.



1

Primeiro enigma

Trátase dun estraño texto composto por letras **Antropomorfas** (formas de persoas) e **Zoomorfas** (formas de animais).

Sabías que...

A Biblia Kennicott ten máis de 500 anos de antigüidade. Foi elaborada en tempos dos Reis Católicos.

A clave está nas catro primeiras letras! **Debemos desvelar o seu significado**



A Biblia Kennicott. Cedida temporalmente para a exposición Galicia, un relato no mundo por Bibliotecas Bodleian da Universidade de Oxford

Desaparición da Biblia Kennicott



PISTAS

- Está escrito en hebreo. O hebreo escríbese **de dereita a esquerda**
- Trátase dun **nome de varón**. O nome do iluminador da Biblia Kennicott
- Aquí tes a **transcrición fonética** das letras do alfabeto hebreo:

א	ב	ג	ד	ה	ו	ז	ח	ט
aleph muda	bet B/V	gimel G	dalet D	he H	vav V/O/U	zayin Z	chet Ch	tet T
י	כ	ל	מ	נ	ס	ע	פ	צ
yud Y	kaf Kh	lamed L	mem M	nun N	samech S	ayin muda	pe P/F	tzadi Tz
ק	ר	ש	ת	ך	ם	ן	ץ	
kof Q	pe sofit F	resh R	shin Sh/S	tau T/S	kaf sofit Kh	mem sofit M	nun sofit N	tzadi sofit Tz



Sabías que...
As iluminadoras e iluminadores eran os/as que ilustraban os códices con maravillosos debuxos feitos a man.

- Hai unha **vogal que debemos pronunciar** pero que non se escribe
- A tradución deste nome ao galego **comeza por “X”**



O manuscrito está cheo de animais! Mira esta representación do león. É probable que o iluminador nunca vise un león na súa vida

Desaparición da Biblia Kennicott

2 Segundo enigma


Cantas páxinas ten a Biblia Kennicott?

Sabemos que para elaborar o Códice houbo que sacrificar 115 cordeiros. Coa pel de cada animal pódense facer ata 4 follas dun libro



PISTA:

Ten en conta que cada folia contén dúas páxinas



3 Terceiro enigma

Para resolver este enigma hai que investigar de onde proceden os pigmentos que se empregaron na elaboración da Biblia Kennicott.

Debes indicar **de que mineral, planta ou animal se extraeron os seguintes pigmentos:**



Vermello

1. Cochinilla
2. Mapoula
3. Sangue de cordeiro



Dourado

4. Ouro
5. Purpurina
6. Cuarzo



Azul

7. Lapislázuli
8. Lirio
9. Medusa azul



Amarelo

4. Ámbar
5. Vagalume
6. Azafrán



PISTA:

A cochinilla é un insecto parásito de plantas que tamén se coñece como "cochinilla do carmín"



Sabías que...

Os pigmentos extraíanse de **minerais, plantas e animais** que a miúdo eran importados de lugares afastados. A súa elaboración era complicada: triturábanse as substancias, mesturábanse con aglutinantes (principalmente clara de ovo e goma vexetal procedente de resinas de diferentes árbores) para despois aplicala en varias fases de traballo.


Desaparición da Biblia Kennicott

Imaxina por un momento que tiveras que abandonar a túa casa, os teus amigos, as túas mascotas e marchar, simplemente polas túas crenzas.

4 Cuarto enigma

En que cidade foi elaborada a Biblia Kennicott?

Para obter a resposta debes resolver o seguinte xeroglífico:



Sabías que...

Pouco despois da elaboración da Biblia, os Reis Católicos expulsaron do Reino a todas as persoas que profesasen a relixión xudía. O propietario da Biblia que era un prateiro xudío chamado Isaac, terá que abandonar a súa casa acompañado da súa familia e levará a Biblia con el.

Nun barco coma este, os propietarios da Biblia abandonaron a súa patria.

Á Biblia estivo perdida durante 300 anos ata que un bibliotecario apelidado Kennicott deu co seu paradeiro e mercouna para a súa Biblioteca de Oxford.

Para rematar

Para axudarnos a recuperar a Biblia, debes cubrir o seguinte texto cos resultados, por orde, dos catro enigmas resoltos ata agora:

Eu, **Ibn Hayyim, iluminei e completei este libro que conta con páxinas no ano* na cidade de**

(*): Para completar o ano debes **xuntar os catro díxitos das respostas do enigma número 3** ata completar a data.



Se non conseguiches completar a mensaxe cifrada, mira este vídeo: https://youtu.be/o_AGA-eoWB8

Conseguíche-lo!!

Grazas á túa inestimable axuda poderemos recuperar a prezada Biblita Kennicott.

